

2016
2017



FORMACIÓN
PROFESIONAL



Familia profesional

Téxtil,
confección
e pel

aquí hai
futuro

XUNTA DE GALICIA

CB Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel

Ciclo formativo de grao básico

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer?

Realizar operacións de arranxo, adaptación e mantemento de pezas de vestir, roupa de fogar e complementos de decoración e de pel, ademais da reparación de calzado e marroquinaría, así como a realización de actividades complementarias de gornicionaría e, de ser o caso, de duplicación de chaves, en comercios de proximidade ou en instalacións industriais, conseguindo produtos en condicións estéticas e acabados, operando coa calidade indicada requirida, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

En que ámbitos se traballa?

Actividades de xeito autónomo ou por conta allea en pequenas empresas ou talleres artesáns dedicados á reparación de calzado e marroquinaría, así como en talleres de confección e arranxo de pezas de vestir, roupa de fogar, complementos de decoración téxtiles e de pel, ou en pequenas empresas que realicen arranxos neste tipo de artigos tanto a comercios de moda como a clientela final.

Que ocupacións se desempeñan?

Zapateiro/a reparador/ora de calzado; axudante de reparación de calzado; reparador/ora de artigos de marroquinaría; axudante de marroquinaría; gornecioneiro/a; marroquineiro/a artesanal; costureiro/a á man ou con máquina doméstica; costureiro zurcidor/ora; modista de arranxos e composturas; operario/a de confección; operario/a de modistaría.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP3009	Ciencias aplicadas I	175
1º	MP3011	Comunicación e sociedade I	206
1º	MP3101	Confección de artigos téxtiles para decoración	204
1º	MP3091	Reparación de artigos de marroquinaría e elaboración de pequenos artigos de gornicionaría	175
1º	MP3092	Reparación de calzado e actividades complementarias	150
2º	MP3095	Arranxos e adaptacións en pezas de vestir e roupa de fogar	265
2º	MP3005	Atención á clientela	58
2º	MP3010	Ciencias aplicadas II	162
2º	MP3012	Comunicación e sociedade II	135
2º	MP3097	Formación en centros de traballo	320
2º	MP3077	Materiais e produtos téxtiles	88

Nota. No primeiro curso dedícaranse 35 horas á titoría, e 27 horas no segundo curso. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén?

Profesional básico en Arranxo e Reparación de Artigos Téxtiles e de Pel.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP3077	Materiais e produtos téxtiles.	UC0177_1	Seleccionar materiais e produtos para procesos de confección.
MP3091	Reparación de artigos de marroquinaría e elaboración de pequenos artigos de gornicionaría.	UC0439_1	Realizar a reparación en artigos de marroquinaría.
MP3092	Reparación de calzado e actividades complementarias.	UC0438_1	Realizar o aprovisionamento e atender o cliente para a reparación de calzado.
		UC0440_1	Realizar a reparación do calzado.
MP3095	Arranxos e adaptacións en pezas de vestir e roupa de fogar.	UC1226_1	Realizar arranxos en pezas de vestir e roupa de fogar.
		UC1227_1	Realizar adaptacións e personalizar roupa de vestir.
MP3101	Confección de artigos téxtiles para decoración.	UC0179_1	Realizar o corte, a preparación, a ensablaxe e o acabado de coxíns, fundas e accesorios.
MP3005	Atención á clientela.	UC1329_1	Proporcionarlle atención e información operativa, estruturada e protocolizada á clientela.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0177_1	Seleccionar materiais e produtos para procesos de confección.	MP3077	Materiais e produtos téxtiles.
UC0439_1	Realizar a reparación en artigos de marroquinaría.	MP3091	Reparación de artigos de marroquinaría e elaboración de pequenos artigos de gornicionaría.
UC0438_1	Realizar o aprovisionamento e atender o cliente para a reparación de calzado.	MP3092	Reparación de calzado e actividades complementarias.
UC0440_1	Realizar a reparación do calzado.		
UC1226_1	Realizar arranxos en pezas de vestir e roupa de fogar.	MP3095	Arranxos e adaptacións en pezas de vestir e roupa de fogar.
UC1227_1	Realizar adaptacións e personalizar roupa de vestir.		
UC0179_1	Realizar o corte, a preparación, a ensablaxe e o acabado de coxíns, fundas e accesorios.	MP3101	Confección de artigos téxtiles para decoración.
UC1329_1	Proporcionarlle atención e información operativa, estruturada e protocolizada á clientela.	MP3005	Atención á clientela.

CB Tapizaría e cortinaxe

Ciclo formativo de grao básico

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Tapizar mobles, entear superficies e confeccionar cortinas, coxíns, fundas e outros elementos de decoración, cortando, marcando e ensamblando os materiais, aproveitándoos ao máximo e conseguindo produtos coa estética e o acabado requiridos, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

En que ámbitos se traballa? En pequenas e medianas empresas ou talleres, xeralmente por conta allea, que se dedican a tapizar mobles, entear superficies, confeccionar toldos e fabricar e instalar produtos aplicados ao téxtil do fogar.

Que ocupacións se desempeñan? Tapiceiro/a de mobles; tapiceiro/a artesanal; tapiceiro/a de decoración auxiliar; tapiceiro/a de vehículos; enteador/ora; reparador/ora de toldos; operador/ora de máquinas industriais de coser e bordar; montador/ora de cortinaxes e de estores.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP3009	Ciencias aplicadas I	175
1º	MP3011	Comunicación e sociedade I	206
1º	MP3101	Confección de artigos téxtiles para decoración	204
1º	MP3100	Confección e montaxe de cortinas e estores	237
1º	MP3077	Materiais e produtos téxtiles	88
2º	MP3005	Atención á clientela	58
2º	MP3010	Ciencias aplicadas II	162
2º	MP3012	Comunicación e sociedade II	135
2º	MP3103	Formación en centros de traballo	320
2º	MP3078	Tapizado de mobles	173
2º	MP3099	Tapizado de murais e enteamento de superficies	180

Nota. No primeiro curso dedicaranse 35 horas á teoría, e 27 horas no segundo curso. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Profesional básico en Tapizaría e Cortinaxe.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP3077	Materiais e produtos téxtiles.	UC0177_1	Seleccionar materiais e produtos para procesos de confección.
MP3078	Tapizado de mobles.	UC0428_1	Atender a clientela e realizar o aprovisionamento para procesos de tapizado.
		UC0429_1	Realizar o desgornecemento, a preparación e a montaxe do tapizado en mobiliario.
MP3099	Tapizado de murais e enteamto de superficies.	UC0430_1	Realizar a enmarcación, o gornecemento e o enteamto de paredes, e o tapizado de paneis murais.
MP3100	Confección e montaxe de cortinas e estores.	UC0178_1	Realizar o corte, a preparación, a ensablaxe e o acabamento de cortinas e estores.
MP3101	Confección de artigos téxtiles para decoración.	UC0179_1	Realizar o corte, a preparación, a ensablaxe e o acabamento de coxíns, fundas e accesorios.
MP3005	Atención á clientela.	UC1329_1	Proporcionarlle atención e información operativa, estruturada e protocolizada á clientela.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0177_1	Seleccionar materiais e produtos para procesos de confección.	MP3077	Materiais e produtos téxtiles.
UC0428_1	Atender a clientela e realizar o aprovisionamento para procesos de tapizado.	MP3078	Tapizado de mobles.
UC0429_1	Realizar o desgornecemento, a preparación e a montaxe do tapizado en mobiliario.		
UC0430_1	Realizar a enmarcación, o gornecemento e o enteamto de paredes, e o tapizado de paneis murais.	MP3099	Tapizado de murais e enteamto de superficies.
UC0178_1	Realizar o corte, a preparación, a ensablaxe e o acabamento de cortinas e estores.	MP3100	Confección e montaxe de cortinas e estores.
UC0179_1	Realizar o corte, a preparación, a ensablaxe e o acabamento de coxíns, fundas e accesorios.	MP3101	Confección de artigos téxtiles para decoración.
UC1329_1	Proporcionarlle atención e información operativa, estruturada e protocolizada á clientela.	MP3005	Atención á clientela.

CM Confección e moda

Ciclo formativo de grao medio

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Confeccionar, tanto á medida coma industrialmente, pezas, complementos e outros artigos en téxtil e pel, cumprindo as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

En que ámbitos se traballa? En establecementos e industrias de confección e moda dedicadas ao preparado e corte de materiais, á produción de pezas, ao remate industrial de pezas e complementos de vestir en téxtil e pel, e artigos téxtiles para o fogar, usos industriais e deportivos. De igual modo, pode exercer a súa actividade en establecementos dedicados á realización de vestiario á medida.

Que ocupacións se desempeñan? Confeccionista. Axudante de xastraría e modistaría. Especialista en confección. Oficial de confección. Cortador/ora de pezas e artigos téxtiles. Operador/ora de máquinas industriais de coser e bordar. Cosedor/ora. Ensablador/ora. Marcador/ora. Cortador/ora de pezas e artigos en téxtil e pel. Pasador/ora. Acabador/ora. Operador/ora de máquinas de remate.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0269	Confección industrial	266
1º	MP0267	Corte de materiais	213
1º	MP0272	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0271	Información e atención á clientela	80
1º	MP0275	Materiais téxtiles e pel	187
1º	MP0264	Moda e tendencias	107
2º	MP0270	Acabamentos en confección	140
2º	MP0268	Confección á medida	209
2º	MP0273	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0274	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0265	Patróns	123
2º	MP0116	Principios de mantemento electromecánico	105

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico en Confección e Moda.

Que unidades de competencia se acreditan? A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0275 Materiais téxtiles e pel.	UC0195_2 Recoñecer materias primas e produtos de confección, calzado e marroquinaría.
MP0267 Corte de materiais.	UC0198_2 Cortar tecidos e laminados. UC0199_2 Cortar peles e coiros. UC1225_1 Preparar materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de confección.
MP0116 Principios de mantemento electromecánico.	UC0196_2 Ensablador pezas de tecidos e laminados.
MP0269 Confección industrial.	UC0197_2 Ensablador pezas de peles e coiros. UC1225_1 Preparar materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de confección.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0116 Principios de mantemento electromecánico. MP0270 Acabamentos en confección.	UC0448_2 Realizar o acabado de pezas e complementos en téxtil e pel. UC0449_2 Realizar acabamentos especiais de artigos e pezas. UC1225_1 Preparar materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de confección.
MP0265 Patróns. MP0268 Confección á medida.	UC1234_2 Realizar o corte e a ensablaxe á man na confección á medida. UC1235_2 Realizar a ensablaxe a máquina na confección á medida. UC1236_2 Realizar o acabado de pezas e artigos en confección á medida.
MP0271 Información e atención á clientela.	UC1237_2 Atender a clientela nos servizos de realización de vestiario á medida.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0195_2 Recoñecer materias primas e produtos de confección, calzado e marroquinaría.	MP0275 Materiais téxtiles e pel.
UC0198_2 Cortar tecidos e laminados. UC0199_2 Cortar peles e coiros. UC1225_1 Preparar materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de confección.	MP0267 Corte de materiais.
UC0196_2 Ensambalar pezas de tecidos e laminados. UC0197_2 Ensambalar pezas de peles e coiros. UC1225_1 Preparar materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de confección.	MP0269 Confección industrial.
UC0448_2 Realizar o acabado de pezas e complementos en téxtil e pel. UC0449_2 Realizar acabamentos especiais de artigos e pezas. UC1225_1 Preparar materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de confección.	MP0270 Acabamentos en confección.
UC1234_2 Realizar o corte e a ensablaxe á man na confección á medida. UC1235_2 Realizar a ensablaxe a máquina na confección á medida. UC1236_2 Realizar o acabado de pezas e artigos en confección á medida.	MP0265 Patróns. MP0268 Confección á medida.
UC1237_2 Atender a clientela nos servizos de realización de vestiario á medida.	MP0271 Información e atención á clientela.

CS Patronaxe e moda

Ciclo formativo de grao superior		Título LOE	
	Perfil profesional	Duración 2.000 horas	
Que se aprende a facer?	Elaborar os patróns e as escalaxes axustados ao deseño dos compoñentes dos artigos, e organizar e xestionar tecnicamente os procesos de produción, todo isto na área da confección industrial, actuando baixo normas de boa práctica, así como de seguridade laboral e ambiental.		
En que ámbitos se traballa?	No sector da confección industrializada de produtos téxtiles e de pel, así como de calzado e marroquinaria, en pequenas, medianas e grandes empresas, sea por conta allea ou propia, desenvolvendo funcións de xestión da produción e de elaboración de patróns para a industrialización da confección.		
Que ocupacións se desempeñan?	Deseñador técnico/a de patronaxe con CAD/CAM. Deseñador técnico/a de confección con CAD/CAM. Técnico/a de desenvolvemento de produtos de confección (I+D+i). Técnico/a en desenvolvemento do produto. Encargado/a de oficina técnica. Modelista-patronista de peletaría. Modelista-patronista de prendas de vestir. Modelista-patronista-escalador de sombreiros e gorras. Patronista-escalador de prendas de vestir. Técnico/a en confección industrial. Técnico/a en fabricación de artigos de pel e coiro. Técnico/a en control de calidade de confección. Técnico/a en control de calidade en industrias de pel e coiro. Técnico/a de organización. Xefe/a de fabricación. Xefe/a de calidade. Xefe/a de sección. Xefe/a de equipo.		
Cales son os módulos deste ciclo?	Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.		
Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0288	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0276	Materiais en téxtil, confección e pel	160
1º	MP0264	Moda e tendencias	107
1º	MP0285	Patronaxe industrial en téxtil e pel	266
1º	MP0278	Procesos en confección industrial	133
1º	MP0277	Técnicas en confección	187
2º	MP0283	Análise de deseños en téxtil e pel	87
2º	MP0284	Elaboración de prototipos	157
2º	MP0289	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0290	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0286	Industrialización e escalaxe de patróns	141
2º	MP0280	Organización da produción en confección industrial	87
2º	MP0287	Proxecto de patronaxe e moda	26
2º	MP0165	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental	105

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico superior en Patronaxe e Moda.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP0276	Materiais en téxtil, confección e pel.	UC0474_3 Analizar materias primas, produtos e procesos de confección, calzado e marroquinaría.
MP0280	Organización da produción en confección industrial.	UC0475_3 Organizar e programar a produción en confección, calzado e marroquinaría. UC0481_3 Definir a documentación técnica de produtos de confección, calzado e marroquinaría.
MP0165	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.	UC0476_3 Xestionar a calidade da produción en confección, calzado e marroquinaría.
MP0165	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.	UC0476_3 Xestionar a calidade da produción en confección, calzado e marroquinaría.
MP0278	Procesos en confección industrial.	UC0477_3 Supervisar e controlar a produción en confección.
MP0283	Análise de deseños en téxtil e pel.	UC0479_3 Definir e desenvolver produtos de confección, calzado e marroquinaría. UC0912_3 Analizar e interpretar o deseño, e colaborar na definición do produto en téxtil e pel.
MP0284	Elaboración de prototipos.	UC0480_3 Elaborar e controlar prototipos de confección, calzado e marroquinaría.
MP0285	Patronaxe industrial en téxtil e pel.	UC0913_3 Desenvolver a modelaxe de pezas sobre manequín. UC0914_3 Planificar e desenvolver os patróns para o modelo que se confeccione.
MP0286	Industrialización e escalaxe de patróns.	UC0915_3 Industrializar os patróns do modelo de artigos de confección en téxtil e pel.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0474_3	Analizar materias primas, produtos e procesos de confección, calzado e marroquinaría.	MP0276	Materiais en téxtil, confección e pel.
UC0475_3	Organizar e programar a produción en confección, calzado e marroquinaría.	MP0280	Organización da produción en confección industrial.
UC0481_3	Definir a documentación técnica de produtos de confección, calzado e marroquinaría.		
UC0476_3	Xestionar a calidade da produción en confección, calzado e marroquinaría.	MP0165	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.
UC0477_3	Supervisar e controlar a produción en confección.	MP0278	Procesos en confección industrial.
UC0479_3	Definir e desenvolver produtos de confección, calzado e marroquinaría.	MP0283	Análise de deseños en téxtil e pel.
UC0912_3	Analizar e interpretar o deseño, e colaborar na definición do produto en téxtil e pel.		
UC0480_3	Elaborar e controlar prototipos de confección, calzado e marroquinaría.	MP0284	Elaboración de prototipos.
UC0913_3	Desenvolver a modelaxe de pezas sobre manequín.	MP0285	Patronaxe industrial en téxtil e pel.
UC0914_3	Planificar e desenvolver os patróns para o modelo que se confeccione.		
UC0915_3	Industrializar os patróns do modelo de artigos de confección en téxtil e pel.	MP0286	Industrialización e escalaxe de patróns.

Información

Notación

O	Réxime ordinario presencial
A	Réxime de adultos presencial
D	Réxime de adultos a distancia

CB Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel

A Coruña

Coruña, A CIFP Paseo das Pontes 0 981160196 cifp.paseodaspontes@edu.xunta.es

Pontevedra

Vigo CPR Filias de María Inmaculada 0 986423988 cpr.hijasdemaria.inmaculada@edu.xunta.es

PFB Costura

A Coruña

Santiago de Compostela CEE Manuel López Navalón 0 981562977 ce.manavalon@edu.xunta.es

CB Tapizaría e cortinaxe

Pontevedra

Vigo CIFP Manuel Antonio 0 986273800 cifp.manuel.antonio@edu.xunta.es

CM Confección e moda

A Coruña

Coruña, A CIFP Paseo das Pontes 0 981160196 cifp.paseodaspontes@edu.xunta.es

Pontevedra

Vigo CIFP Manuel Antonio A 0 986273800 cifp.manuel.antonio@edu.xunta.es

CS Patronaxe e moda

A Coruña

Coruña, A CIFP Paseo das Pontes A 0 981160196 cifp.paseodaspontes@edu.xunta.es

Pontevedra

Vigo CIFP Manuel Antonio 0 986273800 cifp.manuel.antonio@edu.xunta.es




Onde informarse

Portal Educativo de Formación Profesional:
www.edu.xunta.es/fp

Síguenos en:

 twitter.com/fpgalicia

 facebook.com/fpgalicia

Departamentos de orientación dos centros educativos

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria


Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo de San Caetano

Santiago de Compostela

Teléfonos 981 544 400 - 981 544 376

dxefp1@edu.xunta.es





UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invista no teu futuro"



**XUNTA
DE GALICIA**